

## **PREGUNTA DE AER SOBRE GASTOS PISCINA DE REDONDELA**

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

Visto o informe do Concello que recibimos despois de solicitalo por rexistro o 14/02/2012, onde consta que o Concello deberá pagar os gastos de electricidade e gasóleo da piscina municipal. Despois de preguntar no pleno do 29 de febreiro en base a que documento o Concello paga o gasóleo e remitirnos a este informe que da lugar a interpretacións, preguntamos:

**- En dito informe consta que este pago é debido a unha interpretación do pleno do concello do 26/03/1999. Podería o pleno do Concello facer unha nova interpretación de dita concesión para así evitar pagar o gasóleo ou teríamos que acudir ao tribunal contencioso-administrativo? Cando pensan tomar as medidas necesarias tal como di o informe para controlar este gasto de 5000€/mes aproximadamente?**

**O informe tamén conclúe que o concesionario debe facerse cargo dos gastos de alumeadado das instalacións, cousa que ata o de agora fixo o Concello. Cando pensan reclamar estes custes á concesionaria e emprender as medidas necesarias para que cada parte pague o que lle corresponde?**

**O concelleiro Pazos Couñago resposta que xa se adoptaron esas medidas.**